

GUÍA DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO I-IV (CANTO)**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: <i>SEGUNDO INSTRUMENTO I-IV (CANTO)</i>										
ESPECIALIDADE	Produción e xestión							ITINERARIO	---	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO					Canto
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	0,5 horas
ECTS/CUAD.	1'5	1'5	1'5	1'5					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Non se requiren coñecementos previos para o primeiro cuadrimestre. Para o segundo, os adquiridos no anterior cuadrimestre.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Ten relación de maneira directa coa disciplina de coro.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EPX5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Responder con control correcto do aire e a afinación na realización de vocalizacións diversas propostas polo profesor/a.	T2, T3, T6, X3,X6, X11, EPX5
Disfrutar da experiencia gratificante que pode supoñer o encontro do timbre persoal da voz e cómo se pode mellorar a súa calidade sonora.	T1, T2, T3, T6, T15, X3,X6, X11.
Exercitarse auditivamente sobre o timbre da propia voz e procura de distintos cores vocais.	T1, T2, T3, T6, T15, X3,X6, X11, X24, EPX5.
Utilizar as TIC en beneficio do seu estudo, tanto para ampliar coñecementos mediante a escoita de cantantes diversos como para facer gravacións na clase e nas audicións e facer exercicio de autocrítica.	T1, T2, T3, T6, T15, X1.
Aplicar toda a vagaxe de coñecementos no desenvolvemento da súa vida profesional.	T1, T2, T3, T6, T15, X1, X3,X6, X8, X21, X24, EPX5.

4. CONTIDOS
A respiración. Anatomía e fisioloxía. Mecanismos de respiración no canto
Hixiene vocal. O aparello fonador.
A afinación e lectura a primeira vista
As TIC e os seus beneficios no estudo.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúe o alumno/a ao comezo do curso, e exposición das expectativas que ten cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Práctica individual (Tempo de estudo individual do alumno, que dedicará á práctica vocal, en clase ou na casa)	Presencial e Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial na clase (tempo especial de titoría)	Esporádica
Actividades de avaliación: 1. Probas Audición de repertorio adecuado á súa voz, no que demostre o suficiente control técnico durante a interpretación do mesmo. 2. Revisión de probas	1. Presencial 2. Non presencial (tempo especial de titoría)	Medio e final do cuadrimestre

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.